

6 Como actúa unha marea negra

1 m³ de petróleo pode chegar a formar en hora e media unha mancha de máis de 100 m de diámetro.

Os hidrocarburos son menos densos que a auga e aboian nela, esténdense rapidamente levados polo vento, as ondas e as correntes mariñas.



O fuel vertido polo "Prestige" empurrado polos ventos e as correntes realizou un percorrido irregular desde o lugar do afundimento ata a Bretaña.


Adela Leiro
Mon Daporta




Nos cantís os hidrocarburos fixanse por contacto arrastrados polas ondas e os salseiros. Nas zonas influídas polas mareas acumúlanse nas pozas entre as rochas e depositanse en todo o intermarreal. Nos coídos, pola abundancia de ocos, depositanse en gran cantidade e penetran no substrato por infiltración.



A penetración do hidrocarburo nas praias depende do tamaño das áreas que as forman, da profundidade do nivel freático e das características da drenaxe.



Os hidrocarburos comezan a degradarse naturalmente, desde o momento do verquido, pola intervención de factores físicos, químicos e biolóxicos.



Lévedos en gasóleo

Os compoñentes máis lixeiros evaporáanse. Os da superficie son alterados pola luz e o oxíxeno. Unha parte dispérsase na auga, outros afunden ao cargarse con restos de materiais ou facerse máis densos que a auga



As ondas poden axudar a limpar unha parte do hidrocarburo apegado ás rochas, por abrasión. Nas praias, a ondada pode enterrar grandes cantidades de petróleo.



Nas zonas calmas e protexidas o hidrocarburo permanece moito máis tempo. Nas marismas apégase á vexetación e penetra polo substrato manténdose alí

O aspecto e as propiedades dos vertidos cambian co paso do tempo



"Galletas" de fuel.



Vertido de fuel emulsionado (pode conter ata un 90% de auga).



Residuos apegados aos obxectos